

AFORISMOS E TEXTOS BREVES GREGOS PARA PALEOGRAFÍA

Fonte: https://es.wikipedia.org/wiki/Anexo:Locuciones_griegas

Máximas de Menandro: <http://www.letsreadgreek.com/menander/monostichoi.htm>

1. ἀγεωμέτρητος μηδεὶς εἰσίτω

"Que non entre ninguén que non saiba xeometría". Lema que, segundo fontes antigas, estaba gravado na entrada da Academia de Platón



2. ἀνδρῶν γὰρ ἐπιφανῶν πᾶσα γῆ τάφος

"Toda a terra é a tumba dos homes ilustres" Oración fúnebre de Pericles en Tucídides, *A guerra do Peloponeso* 2.43.1

3. γηράσκω δ' αἰεὶ πολλὰ διδασκόμενος.

"Envellezo aprendendo sempre moito.

Atribuída ao ateniense Solón, un dos sete sabios de Grecia, acerca da aprendizaxe.



4. γνῶθι σεαυτόν.

"Coñécete a ti mesmo"

Máxima inscrita na entrada ao templo de Apolo en Delfos.

5. δέσποτα, μέμνεο τῶν Ἀθηναίων

"Señor, acórdate dos atenienses."

Cando informaron ao rei persa Darío I de que los atenienses tomaran e incendiaran Sardes, se enfureceuse. Disparou unha frecha ao ceo, pedindo aos deuses que lle concedesen vingarse dos atenienses. Ordenou, entón, a un dos seus servos que lle dixese tres veces ao día esta frase, para recordar a vinganza dos atenienses.



6. διπλοῦν ὀρώσιν οἱ μαθόντες γράμματα.

"Os que saben ler e escribir ven el dobre.", Atribuída a Pitágoras.

7. Δις παῖδες οἱ γέροντες.


Os vellos, dúas veces nenos

Proverbio grego que aparece en varios autores, entre eles, Aristófanes, *Nubes*, 1417

8. δῶς μοι πᾶ στῶ καὶ τὰν γᾶν κινάσω

"Dáme un punto de apoio e moverei a terra".

Atribuída a Arquímedes.



9. ἐν οἶδα ὅτι οὐδὲν οἶδα

“Só sei que non sei nada” Sócrates, parafraseado por Platón na súa *Apología de Sócrates*.

10. Ἐν τῷ οἶνῳ καὶ ἐν τοῖς πασίν ἡ ἀλήθεια

“No viño e nos nenos está a verdade”

11. εὕρηκα!

“Atopeino” (Eureka!)

Cando Arquímedes dispúñase a bañarse, decatouse de que o nivel da auga subía ao meterse dentro da bañeira, co que descubriu o chamado Principio de Arquímedes, é dicir, que o volume de auga que ascendía debía ser igual ao volume do corpo que se mergullaba nela. Deste xeito podía medir o volume dos corpos irregulares con precisión, e resolver así o encargo que lle fixera o tirano de Siracusa Hierón II, descubrir se a coroa que lle encargara a un ourive estaba feita de ouro puro (ao calcular a súa densidade partindo dunha masa xa coñecida, o ouro que o rei entregara). Púxose tan contento que saíu á rúa correndo espido e berrando “Eureka!”.



12. ζῶον πολιτικόν ὁ ἄνθρωπος ἐστίν

“O home é un animal político” Este adxectivo significa propiamente “social, membro dunha polis” Aristóteles, *Política* 1.

13. ἢ τὰν ἢ ἐπὶ τᾶς

“Ou con el ou sobre el” referíndose ao escudo, era a frase que as nais espartanas dicían aos seus fillos, que en realidade quería dicir “O volves vitorioso, o morres e tráente sobre o teu escudo”. Volver sen o escudo era sinal de rendición ou deserción, algo non permitido a un espartano. Plutarco, *Moralia*, 241

14. θάλαττα, θάλαττα.

“O mar, O mar!”

O berro dos soldados mercenarios gregos que, comandados por Xenofonte, participaron na Expedición dos 10.000 en axuda do príncipe persa Ciro para destronar ao seu irmán Artaxerxes. Segundo nos conta o propio Xenofonte na *Anábasis* IV, 7, 24, o exército veu o Mar Negro dende o monte Teques, en Trapezunta, no ano 401 a. C, despois de percorrer case 4.000 km en territorio persa



15. καλλίστη

“Para a máis fermosa”.

Inscripción da famosa Mazá da discordia, que se disputaban as deusas Hera, Atenea e Afrodita no xuízo de París, que deu orixe a guerra de Troia.



16. κτήμα ἐς αἰεί

"Adquisición para sempre"

Tucídides en referencia a súa propia obra, a Historia da Guerra do Peloponeso, considerando que a Historia debería ser obxectiva, sen adornos míticos e servir de ensinaza para os homes.

17. μηδὲν ἄγαν.

"Nada en exceso."

Inscripción do templo de Apolo en Delfos que expresa importancia da moderación.

18. μολὼν λαβέ

"Vén collelas!" a famosa resposta do rei espartano Leónidas cando o rei persa Xerxes lle pediu que depuxese as armas na Batalla das Termópilas.



19. νενικήκαμεν.

"Vencimos"

Frase que, segundo a tradición, pronunciou o heraldo ateniense Fidípides, antes de morrer por esgotamento despois de correr 40 km, dende o campo de batalla, preto de Maratón, até Atenas para anunciar a vitoria fronte aos persas na Batalla de Maratón (490 a. C.),

20. οἶνοψ πόντος

"Mar de cor viño"

Fermoso epíteto de Homero para o mar no momento do solpor.



21. Ὅν οἱ θεοὶ φιλοῦσιν ἀποθνήσκει νέος

"A quen aman os deuses, morre novo", atribuída a Menandro

22. πάντων χρημάτων μέτρον ἐστὶν ἄνθρωπος

"O home é a medida de todas as cousas", principio de Protágoras, no que fundamenta o relativismo.

23. πόλεμος πάντων μὲν πατήρ ἐστι

"A guerra é o pai de todo". Heráclito

24. ῥοδοδάκτυλος Ἥως

"A Aurora de dedos de rosa".

Fermoso epíteto frecuente nos poemas homéricos referida a Eos, a titánide do amencer, que abría as portas del ceo para que Helios puidese conducir o seu carro polo ceo cada día.

25. Σκιᾶς ὄναρ ἄνθρωπος

"O home é o soño dunha sombra"

Escrito en dialecto dorio. Píndaro, *Píticas* 8.81-8.100.

26. σπεῦδε βραδέως

"Bule a modo", como no latín *Festina lente*.

27. τὰ πάντα ῥεῖ καὶ οὐδὲν μένει.

"Todo flúe, nada permanece."

Atribuído a Heráclito.

28. τί ἐστὶν τετράπουν καὶ δίπουν καὶ τρίπουν;

"Que é o que anda a catro patas, logo a dous e logo a tres?."

O famoso enigma de la Esfinxe de Tebas que Edipo resolveu contestando

"O home"



29. χαλεπὰ τὰ καλὰ

"O bo, difícil"

Platón, República 4, 435c.

30. ὦ ξεῖν', ἀγγέλλειν Λακεδαιμονίοις ὅτι τῇδε

κείμεθα τοῖς κείνων ρήμασι πειθόμενοι.

«Estranxeiro, vai contar aos Lacedemonios que xacemos aquí por obedecermos as súas ordes.»

Epitafio na honra dos espartanos caídos na batalla das Termópilas, composto polo poeta Simónides de Ceos, e recollido nas *Historias* de Heródoto.



AFORISMOS E TEXTOS BREVES LATINOS PARA PALEOGRAFÍA

1. Alea iacta est:

“A sorte está botada”, frase atribuída a Xulio César ao pasar o río Rubicón no 49 a. C., desafiando unha orde do senado e provocando así a guerra civil contra Pompeio.

2. Amantes, amentes

“Amantes, vehementes” do comediógrafo Plauto (s. III-II a. C.)

3. Ars longa, vita brevis

“A arte (ou a ciencia) é duradeira, pero a vida é breve!”, cita de Hipócrates, famoso médico grego do s. IV a. C.

4. Ave Caesar, morituri te salutant

“Ave, César os que van morrer, saúdante”, frase que, segundo o historiador Suetonio (s. I-II d. C.), pronunciaron os gladiadores que loitaron ante o César nun espectáculo do a. 52 a. C.



5. Audentis fortuna iuvat

“A fortuna axuda aos audaces”. Verso da Eneida de Virxilio (s.I d. C.)

6. Beatus ille qui procul negotiis

“Feliz aquel que apartado dos negocios (leva unha vida tranquila)” comezo dunha oda do poeta Horacio (s. I d. C.)

7. Carpe diem

“Aproveita o momento” fragmento dunha oda de Horacio que se converteu nun tópico literario

8. Cave canem:

“Ten coidado co can”, inscrición dun mosaico de Pompeia á entrada dunha domus



9. Cedant arma togae, concedat laurea laudi

“Que las armas cedan á toga e que o loureiro se dea aos méritos” do orador e filósofo Cicerón (s. I a. C.), é dicir, que o poder civil, o Senado en Roma, debe mandar sobre o poder militar, o exército.

10. Cogito, ergo sum

“Penso, polo tanto existo” principio básico da filosofía de René Descartes (s. XVII)

11. Cras amet qui nunquam amavit quique amavit, cras amet

“Que mañá ame o que nunca amou/ e o que amou, que tamén mañá ame” Pervigilium Veneris (*A vixilia de Venus*, poema anónimo de época imperial)

12. Dura lex, sed lex

“A lei é dura, pero é a lei” expresión do dereito romano.

13. Errare humanum est

“Equivocarse é humano”

14. Homo homini lupus est

“O home é un lobo para o home”, do comediógrafo Plauto (s. III-II a. C.)



15. Homo sum , humanum nihil a me alienum

“Son home, nada do humano me é alleo” do comediógrafo Terencio (s. II a. C.)



16. In dubio pro reo

“En caso de dúbida, a favor do acusado”, principio do dereito romano

17. In medio stat virtus

“No medio está a virtude” expresión dos filósofos escolásticos (Idade Media), seguindo os principios de Aristóteles

18. In saecula saeculorum

“Polos séculos dos séculos” frase bíblica tomada da Vulgata, tradución latina do Novo Testamento dende o hebreo.

19. In vino veritas

“No viño está a verdade” do naturalista Plinio o Vello (s. I d. C.)

20. Locus amoenus

“lugar ameno, idílico” tópico literario

21. Mens sana in corpore sano

“mente sa nun corpo san” do poeta satírico Xuvenal (s. I-II d. C.)

22. Nec tecum possum vivere nec sine te

“Nin contigo nin sen ti podo vivir” do poeta satírico Marcial (s I d. C.)

23. Nihil difficile amanti

“Para o amante nada é difícil” do orador e filósofo Cicerón (s. I a. C.)

24. Nihili est qui nihil amat

“De nada vale o que nada ama” do comediógrafo Plauto (s. III-II a. C.)

25. Nihil novum sub sole

“Nada novo baixo o sol” atribuído ao rei bíblico Salomón

26. Non omnis moriar

“Non morrerei de todo” explica o desexo de que a nosa obra perdure, do poeta Horacio (s. I d. C.)

27. Nosce te ipsum

“Coñécete a ti mesmo” tradución dun aforismo grego que estaba gravado no oráculo de Delfos

28. O tempora, o mores!

“Ou tempos, ou costumes!” do orador e filósofo Cicerón (s. I a. C.) queixándose da crueldade e corrupción de Catilina, que conspirara contra a República Romana

29. Omnia vincit amor

“O amor todo o pode” do poeta Virxilio (s. I a. C.)

30. Panem et circenses

“Pan e circo” parte dunha sátira do poeta Xuvenal (s. I-II d. C.), que indicaba que o pobo non tiña interese pola política e só se interesaba polo “pan e o circo” que ofrecía gratis o Estado para ese mesmo fin.

31. Senatus Populusque Romanus (S.P.Q.R.)

“O Senado e o Pobo Romano” siglas que indicaban na República Romana quen ostentaba o poder e que despois se mantiveron tamén na época do Imperio, onde o poder emanaba só do emperador ou César.



32. Sit tibi terra levis

“Que a terra che sexa leve” expresión usada na Roma precristiá como epitafio.

33. Summum ius, summa iniuria

“A maior xustiza, a maior inxustiza” Principio do dereito romano que indica que ás veces, se se aplica a lei ao pé da letra, pódese cometer unha gran inxustiza.

34. Suum cuique tribuere

“Dar a cada quen o seu” do xurista Ulpiano (s. II-II d.C.)

35. Tempus fugit

“O tempo fuxe”

36. Tu quoque, fili mi?

“Ti tamén, fillo meu” Frase que pronunciou Xulio César cando recoñeceu ao seu fillo adoptivo Bruto entre os senadores que o apuñalaron nos Idus de Marzo do 44. a. C.



37. Vae victis:

‘¡Ai dos vencidos!’. Palabras pronunciadas polo xefe galo Breno aos romanos derrotados no 387 a. C. Significa que o vencido está a mercé do vencedor, e que este non soe ter compaixón.



“Vae victis!”, cómic de S. Rocca e J. Y. Mitton, na Biblioteca do IES de Melide

38. Veni, vidi, vici

“vin, vin, vencín’. Célebres palabras coas que Xulio César (s. I a. C.) referiu ao Senado a rapidez da vitoria que acababa de conseguir contra Farnaces, rei do Ponto. Expresa a facilidade dun éxito calquera.

39. Verba volant, scripta manent

“As palabras voan, os escritos permanecen”.

40. Vulnerant omnes, postera necat

“Todas firen, a última mata” inscrición que adoitaba poñerse nos reloxos de sol e reloxos antigos europeos.

